




LOURIZÁN


Un xardín botánico para calquera estación

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2018



Distancia: 2 a 3 km (circular con desvíos)

Dificultade: baixa




<https://lourizan.xunta.gal/gl>

No concello de Pontevedra, a 3 km da cidade pola estrada que vai a Marín (N-550), atópase o pazo de Lourizán, propiedade da Deputación Provincial e administrado pola Xunta de Galiza que ten nel o Centro de Investigacións Forestais e Ambientais, un espazo visitable de 36 ha de xardíns e arboredo no que a variedade (acolle máis de 800 especies de árbores e arbustos), a singularidade e a propia contorna ben merecen unha visita. Calquera época é boa para achegarse a Lourizán, o fermoso conxunto que forman a finca e o pazo, o edificio modernista (non visitable) e o amplo xardín que o rodea no que ademais de varias fontes, o invernadoiro e outros elementos da vida agraria e decorativos, podemos gozar dunha grande variedade de especies arbóreas e arbustivas entre as que hai algúns exemplares únicos e outros que polas súas características, singularidade ou desenvolvemento están recollidos no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza. No paseo polo xardín atopamos unha grande cantidade de

especies ornamentais entre as que destacan polo número e variedade as camelias, e no percorrido pola finca poderemos ver o Parque das Autonomías, un xardín de plantación "recente" que acolle especies singulares de cada unha delas; o Parque das Rías, creado as beiras dun rego coa súa ferverza; varias coleccións de especies forestais, plantadas como material de estudo para os distintos tipos de formación que alí se realizan, entre as que destacan as de castiñeiros, con especies chinesas, xaponesas e autóctonas; a de eucaliptos, con máis de 50 especies, a de coníferas de todo o mundo con máis de 100 especies, e as coleccións de flora de Australia e de Taiwán. Na visita bótase en falta material informativo (planos e sinalización) e/ou poder dispor dun folleto como o que había hai uns anos, e a renovación necesaria dos indicadores das especies, que o paso do tempo converteu en anacos de material en branco.



Vista do pazo e parte dos xardíns co cedro monumental



Cova dos espellos e escalinata do xardín



Invernadoiro



Fonte dos Tres Canos e lavadoiro



Hórreo e eira



Camelias



Metasequoia glyptostroboides



Magnolia grandiflora (3,97 m de perímetro)



Plátanos